Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Contos da tradición oral de Galicia

Conto: A merla

ATU 56A

[The fox Threatens to Cut Down the Tree and Gets Young Birds]

Había una vez, hai moito tempo, unha merla que vivía nun carballo e tiña no seu niño catro merliños. Un día pasou por alí un lobo que levaba moita fame e, vendo a niñada, díxolle á merla:

- Merla, dáme un merlo.

- Non, non cho dou que peco.

Entón o lobo díxolle:

- Arrevírate meu rabo e tira con ese carballo.

A merla tivo tanto medo de que lle tirara o carballo que lle deu un merliño.

Ó pouco tempo voltou o lobo a por outro merliño e díxolle:

- Merla, dáme un merlo.

- Non, non cho dou que peco.

- Arrevírate meu rabo e tira con ese carballo.

E a merla, chorando, deulle outro merliño.

Cando máis choraba a merla pasou por alí unha raposa e preguntoulle:

- Por que choras, merla?

E a merla contoulle o que lle pasaba.

A raposa, que era moi aguda, díxolle:

- Non fagas caso, burriña. Cando che volva o lobo dicir o mesmo, ti responde: Os rabos dos lobos non tiran carballos, só os homes rexios con fortes machados.

Así fixo a merla e xa non lle deu máis merliños e o lobo marchou co rabo entre as pernas.

[Versión achegada por Mª Celina Cruz Rodríguez, de Lugo. Novembro de 2013]

_____**Nota da recompiladora**

Este conto, como Os dous irmáns e o xigante (ver), téñollo escoitado moitas veces á miña tía Felisa.